

¿Oíches?

¿Oíches?

guía de Compostela \
time-out in Compostela
Nº 1 - Abril \ *April* - 96

Editorial

¡Xa estamos aquí!

A civilización do ocio afúndese no seu propio baleiro. Das súas cinzas emerxe agora a civilización do noxo. Os poderosos medios de comunicación, que son os medios de comunicación dos poderosos, quixeron facernos crer que o mundo era coma unha gran feira con bombillas de cores, enormes altavoces facendo pumba-pumba, e con viño e empanada para todos, e maila posibilidade de atopar parella cachondona con ganas de marcha. Tres cousas esqueceron avisar. Unha, que a feira fora de pago, e que non todos ían poder pagar. Outra, que non había sitio para todos, e que para que uns entraran outros tiñan que quedar fóra. A terceira, e pode que a máis importante, é que a feira eche unha parvada, unha chea baleira, que o sufrimento que fai falla para entrar non ten pago na descarga que supón, e todo acaba sendo unha espiral de desesperación que leva á xente a querer liscar do mundo, e non pode. Entón chega o noxo, máis fogosamente representado polos cativos mangallóns que queiman papeleiras, conducen borrachos, reparten ostias e fan parvadas de tódolos xeitos, pero eche o mesmo noxo que nos come a todos, máis ou menos. Esquecimos a arte de vivir o mundo, o mundo de verdade, as pedras, o vento, a furia, o tedio, a perdición, os toxos, as campás da catedral, a herba, a dor, toda a verdade tal como é, sen disfrazala, non a verdade dos feirantes, a verdade nosa de cada un, o mundo que cadaquén ten dentro cheo de vida.

A civilización do noxo ten grandes posibilida-

des se damos controlado a rabia. O noxo perfecciona o espírito. A humillación fai o corazón forte. Esta guía sae de debaixo das pedras para dicir un par de cousas. Nós pensamos que se pode vivir sen feirantes. Os poderosos medios de comunicación, que son os medios de comunicación dos poderosos, enchéronse de feirantes, moitos deles oligarcas de sempre, fillos e netos de oligarcas de sempre. Nós saímos de debaixo das pedras porque cremos que hai cousas moi por dicir. Chegamos amodiño, porque non queremos precipitarnos, e temos unha chea de ideas que aínda non atoparon a súa forma definitiva, e para facer as cousas a medias, preferimos non publicalas. Para os próximos números temos previsto un plano de Santiago, unha sección de libros e outra de discos e máis... Ata entón.

¿Oíches?

Juan Bautista Andrade, 99, 4ª dra. 36005 Pontevedra. Tlf. (986) 872109.

Editora: Eva Paradela Rodríguez.

Director: Juan Carlos Martínez Fontana.

Publicidad: Francisco Pernas.

Portada: Anick Álvarez Kerloch.

Colaboradores:

Xan B. Quintela.

Ana Ibáñez.

Bartolomé Santiso.

Dorothea Vielleich.

Fotocomposición: 4 cromía, S.L.

Impresión: Artes Gráficas Litonor.

Tirada: 5.000 exemplares.

Exemplar gratuito, prohibida a súa reprodución e venda.



Índice \ Index

Calendario	5 - 7	Listings
Música		
...cún vaso na mán...		
Exposicións		
Teatro / Cine		
Convocatorias		
Música	8	Music
Cine	10	Cinema
Teatro	11	Theatre
Seccións		Regular Features
Cómame o Demo	12	
A Miñoca Eléctrica	14	
Tiruliru miña Gaita	16	
Amoriños Collera	18	
Tablón de Anuncios	20	Classifieds
Cursos/Talleres		
Clases particulares		
Compra-venda (segunda man)		
Guía de Compostela	21	A Guide of Compostela
Museos	32	Museums

música

Mércores 10 de Abril 21:00 h. Auditorio da Universidade. Ciclo de música de cámara: O madrigal en Europa, pola Camerata Barroca.

Xoves 11 de Abril 20:00 h. Centro Galego de Arte Contemporánea. Retrospectiva do século XX. Dúos. **Maurice Ravel**, *Sonata*; **Nikos Skalkottas**, *Dúo* (Estrea en España); **Salvatore Sciarrino**, *La Malinconia* (Estrea en España); **Luigi Nono**, *Hay que caminar soñando*. Taller instrumental do CGAC. Entrada libre

Xoves 11 de Abril 21:00 h. Auditorio de Galicia. **C. Prieto**, *Ensoñaciónes*; **P. Sarasate**, *Aires Bohemios e Zapateado* para violín e orquestra; **S. Barber**, *Adagio para cordas*, **F. J. Haydn**, Sinfonía en Si bemol Maior Hob. I:85 "A Raíña". Real Filharmonía de Galicia. Violín: Gabriel Croitoru. Dir. Odón Alonso. Prezo 2.000 pts.

Mércores 17 de Abril 21:00 h. Auditorio da Universidade. Ciclo de música de cámara: O violín barroco, polo dúo Przevalsky-Przevalskaya.

Xoves 18 de Abril 21:00 h. Auditorio de Galicia. **J. D. Zelenka**, *Capriccio nº 4* en La Maior; **G. P. Telemann**, *Tafelmusik I* Obertura-Suite; **J. P. Rameau**, Suite de *Zoroastro*. Orquestra Barroca de Friburgo. Dir. Gustav Leonhardt. Prezo 3.000 pts.

Mércores 24 de Abril 21:00 h. Auditorio da Universidade. Ciclo de música de cámara: O piano clásico, por José Luís G. Bernaldo de Quirós.

Venres 26 de Abril 21:00 h. Auditorio de Galicia. **F. Mendelssohn-Bartholdy**, *Sinfonía nº 12* en Sol menor para orquestra de corda, e *Concerto para violín e orquestra de cordas* en Re menor; **Vasks**, *Peza para*

orquestra de corda; **G. Peleciś**, *Nevertheless*. Deutsche Kammerphilharmonie Bremen. Piano, Vadim Sakharov. Director e solista, Guidon Kremer. Prezo 3.000 pts.

Martes 30 de Abril 21:00 h. Auditorio da Universidade. Ciclo música de cámara: O Lied. Manuela Soto, soprano, e Javier Parés, piano

...cún vaso na man...

Xoves 11 de Abril 22:00 h. Sala Factoría. Corcovado, o poeta maldito do bakalao-pop.

Xoves 11 de Abril 22:00 h. Sala Nasa. 3ª eliminatoria do Festival da canción *V Centenario*. Entrada libre.

Venres 12 de Abril 23:00 h. Sala Nasa. Flamenco. **José Soto** *Sorderita*. Sábado 13 de Abril 23:00 h. Sala Nasa. Arre produccions presenta A histeria de Lilí Braun.

Domingo 14 de Abril 11:00 h. Sala Nasa. Mercanasa

Mércores 17 de Abril 21:00 h. Sala Factoría. Snuff (U.K.) + Triptych (Alemania) + Rebelde Rojito (Galicia): Teloneros, The Green Day e Nofx, e triunfadores de Reading '95.

Xoves 18 de Abril 22:00 h. Sala Factoría. Australian Blonde: abandeirados da movida *indie*, rompen as limitacions da independencia musical e do inglés. O seu chup-chup é todo un himno.

Sábado 20 de Abril 23:00 h. Sala Nasa. **Sérgio Godinho** (Portugal)

Xoves 25 de Abril 22:00 h. Sala Nasa. Rock Parrulo presenta: Grupos gañadores do Revoltallo Rock de Valadares (Vigo).

Xoves 25 de Abril 22:00 h. Sala Factoría. Los Enemigos: posible-

mente o mellor grupo español, en opinión de moitos non chegaron ó gran público porque non quixeron.

Venres 26 de Abril 22:00h. Sala Nasa. Actuación do coro A Rá.

Sábado 27 de Abril 23:00 h. Sala Nasa. Ultranoite.

Luns 29 de Abril 22:00 h. Sala Factoría. The Zeros (U.S.A. - México): pioneiros do punk rock americano, o seu cantante *El Vez*, é considerado a reencarnación viva de *Elvis* en Chicano.

Martes 30 de Abril 22:00 h. Sala Factoría. Skatala: mestres no seu xénero non teñen igual no que se refire a tocar ritmos jamaicanos: Ska, oi...

Tódolos Luns ás 22:00 h. no Pub-Is Pro Nobis, *Canturreadas* de Ricardo Parada.

Tódolos Martes ás 21:30 h. no Pub-Is Pro Nobis. *As Noites das Meigas Lerchas*.

exposicións

Do 2 ó 30 de Abril. Galería Trinta. Rosa Rubio.

Do 11 de Abril ó 9 de Maio. Galería Minotauro. Tatiana Medal. Grabados.

Do 7 de Marzo ó 5 de Maio. Centro Galego de Arte Contemporánea. *La luz en la sombra*, Isaac Pérez Vicente.

Ata o 14 de Abril. Centro Galego de Arte Contemporánea, *Colección Permanente. Novas incorporacións.* Colección Fundación ARCO.

cine-teatro

Días 10-11 de Abril 22:00 h. Sala Galán. Cine ruso, dous directores. **Andrei Tarkovski**, *O espello*. **Sergei Paradjanov**, *A cor da granada*. Presentación, proxección en vídeo e coloquio-debate sobre as películas e os directores. Presentación / Coordinación:



UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

GALLAECIA
FVLGET

V CENTENARIO
DA UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA
[1495 - 1995]

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

COLECCIÓN PERMANENTE.

Novas incorporacións

febreiro / abril 96

ISAAC PÉREZ VICENTE

LA LUZ EN LA SOMBRA

marzo / maio 96

VITO ACCONCI

LIVING OFF THE MUSEUM

marzo / xuño 96

LAXEIRO

abril / xuño 96

Rúa Valle Inclán s/n

15704 Santiago de Compostela

Tel. (981) 546629

Fax. (981) 546605/25

Coa colaboración de
IBERIA



XUNTA DE GALICIA
CONSEIXA DE CULTURA

CGAC CENTRO GALEGO
DE ARTE
CONTEMPORÁNEA

Calendario Listings

Babken Abramian e Karina Airapetian.

Luns 15 de Abril 22:00 h.

Sala Nasa. 2º Ciclo de Teatro Universitario V Centenario da U.S.C.: Grupo de inglés, *A small affair*, de **Bob Larbey**. Entrada libre.

Martes 16 de Abril 22:00 h. Sala

Nasa. 2º Ciclo de Teatro Universitario V Centenario da U.S.C.: Grupo de francés, *Instantáneas* de **Jean Tardieu**. Entrada libre.

Mércores 17 de Abril 22:00 h.

Sala Nasa. 2º Ciclo de Teatro Universitario V Centenario da U.S.C.: Grupo de teatro da Universidade da Coruña, *Lucas de Bohemia*, de **Valle-Inclán**. Entrada libre.

Xoves 18 de Abril 22:00 h. Sala

Nasa. 2º Ciclo de Teatro Universitario V Centenario da U.S.C.: Grupo de teatro do Campus de Lugo, *Deire, a coitada*, de **Singe**. Entrada libre.

Xoves 18 de Abril 22:00 h. Sala

Galán. Teatro de operacións + 3º Aniversario *Sala Galán*. Este ano adicado á muller. Operan **M. Okó, Rut Masó, Ana Vallés, Cristina Sicilia** (Madrid, Vigo, Compostela, Vigo).

Venres 19 de Abril 19:30 h. Sala

Nasa. 2º Ciclo de Teatro Universitario V Centenario da U.S.C.: Monólogo, *Neno adulto, neno morto*, de **Claire Dowie** por Amancay Tapia. Entrada libre.

Venres 19 de Abril 22:00 h. Sala

Nasa. 2º Ciclo de Teatro Universitario V Centenario da U.S.C.: Grupo de teatro da Facultade de Xeografía e Historia, *Os cravos de prata*, de **Nicolás Bela**. Entrada libre.

Días 22 ó 26 de Abril 18:00 h. e 22:30 h. Cines Valle-Inclán Sala 1. Ciclo de cine *Europa, sempre Europa*. Prezo 200 pts. Abonos a 750 pts. (Ver programación na páxina 10).

Luns 22 de Abril 22:00 h.

Teatro Principal. 2º Ciclo de Teatro Uni-

versitario da U.S.C.: Grupo de teatro Captatio Benevolentiae, *La desaparición de Wendy*, de **Benet Jornet**. Entrada libre.

Martes 23 de Abril 21:00 h. Sala Nasa. Cine Club Nasa. Proxección de curtametraxes.

Martes 23 de Abril 22:00 h. Teatro Principal. 2º Ciclo de Teatro Universitario da U.S.C.: Grupo de teatro de inglés, *Out of sight...Out of murder* (A *Mystery Comedy*) de **F.Caarmichael**. Entrada libre.

Mércores 24 de Abril 22:00 h. Teatro Principal. 2º Ciclo de Teatro Universitario da U.S.C.: Grupo de teatro EIS, *Berna*, de **Lluís Cunillé**. Entrada libre.

Xoves 25 de Abril 21:00 h. Teatro Principal. 2º Ciclo de Teatro Universitario da U.S.C.: Aula de teatro da U.S.C.: *A velada espectral de Mr. Peabody*, de **Manuel Lourenzo**. Entrada libre.

Días 25,26,27 de Abril 22:00 h. Sala Galán. Matarile teatro. *Zeppelin Nº 7*, dirección: **Ana Vallés**. Coproducen: I.G.A.E.M. - Sala Galán.

Venres 26 de Abril 22:00 h. Teatro Principal. 2º Ciclo de Teatro Universitario da U.S.C.: Grupo de teatro de Maxisterio, *O neno de Belén*, de **Manuel Martín Mediero**. Entrada libre.

Sábado 27 de Abril 22:00 h. Teatro Principal. 2º Ciclo de Teatro Universitario da U.S.C.: Comité Pro-Autores Perseguidos, *La importancia de llamarse Ernesto*, de **Oscar Wilde**. Entrada libre.

Luns 29 de Abril 22:00 h. Sala Nasa. 2º Ciclo de Teatro Universitario da U.S.C.: Aula de Teatro do Campus de Pontevedra, Universidade de Vigo, *Andersen, ou o conto da súa vida*, de **H. C. Andersen**. Entrada libre.

Martes 30 de Abril 22:00 h. Sala Nasa. 2º Ciclo de Teatro Universitario da

U.S.C.: Grupo de teatro de Psicoloxía, *Tres por tres (ou comedia de balcón)*, de **Gabriel Penabade**. Entrada libre.

Convocatorias

Do 9 ó 12 de Abril. Curso de teatro *A posta en escea do teatro español do século XVII*, impartido por **Mayte Pascual Bonis**. Asistencia restrinxida a inscritos. Información, **Universidade de Santiago**. Tlf. 57 39 96.

Venres 12 de Abril. Conferencia *Cristales vivos* por **Pablo Espinet**. Facultade de Química.

Do 12 ó 14 de Abril. Congreso *Universidade e o seu futuro*. **Pazo de Congressos e Exposicións**.

Do 15 ó 17 de Abril. **I Encuentros pedagóxicos do Taller instrumental do CGAC.** Centro Galego de Arte Contemporánea. Seminario de análise e interpretación en torno ó ritmo e a proporción.

Do 15 ó 25 de Abril. Curso de Teatro, *Maquillaxe e Caracterización*, impartido por **Puri Pereira**. Asistencia restrinxida a inscritos. Información 573996.

Luns 22 de Abril 17:00 h. Conferencia *Antenas a bordo de Satélites*, por **Carlos E. Montesano Benito**. Facultade de Física.

Mércores 24 de Abril 20:00 h. Foro *O mito de Eva: Bioloxía molecular e humidade*, por **Francisco Ayala**. Salón de Actos da **Facultade de Medicina**.

Xoves 25 de Abril 11:30 h. 2º Ciclo de Teatro Universitario V Centenario da U.S.C.: Conferencia de **García Barrientos**. Sala de Graos da **Facultade de Filoloxía**.

Venres 26 de Abril. Conferencia *Os metais en medicina*. Compostos en platino como fármacos antitumorales, por **Virtudes Moreno**. Facultade de Química.

Hay que caminar soñando

Xoves 11 de Abril 20:00 h.
Centro Galego de Arte Contemporánea

Retrospectiva do século XX - Dúos

I

Maurice Ravel *Sonata* (1920)

Nikos Skalkotas *Dúo** (1938)

Salvatore Sciarrino *La malinconia** (1981)

II

Luigi Nono *Hay que caminar soñando* (1989)

Taller instrumental do CGAC (Ben Kreith, violín, David Quiggle, violín e viola)

No pasado mes de Febreiro veu tocar no CGAC Pierre-Ives Artaud, o máis prestixioso frautista no mundo dos centrados na música contemporánea. Á saída do concerto e das clases maxistras que tamén deu Artaud, vendíanse no CGAC algúns discos recentes que trouxera

o mestre. Eran dous: un monográfico Debussy e outro adicado a un compositor que eu non oín na miña vida (e coñezo bastantes) e que aínda máis difícil podía coñecer a xente. Pois o maravilloso foi que se venderon tódolos discos do francés descoñecido, e case ningún de Debussy. Home, pois ben está que á xente lle preste o contemporáneo, pero non vaian a pensar que a música inventámola agora, o que tamén é verdade, inda que tamén é certo que outros inventárona antes, entre eles Debussy, e mesmo Ravel ou Skalkotas, que son un antecedente de moitas cousas, e o CGAC fai moi ben programando obras antigas que axuden a coñecer a orixe das cousas que se fan agora, e a comprender que a modernidade sempre foi moderna.

No mes de Marzo tivemos a ocasión de escoitar xa unha peza de Salvatore Sciarrino, na miña opinión, unha obra perfectísima e lostregantemente moderna. Falo de *Lo spazio inverso*, de 1981. A peza que nos ocupa,


La malinconia, está datada na partitura en *Citerna, la notte del 9 Sett. '80*. Trátase novamente dunha obra delicada que parte do son mesmo do instrumento, da realidade do son como ser físico, parte do instrumento musical como obxecto máxico que ten unha determinada construción fruto de centos de anos de artesanía experimental, parte, en definitiva, da emisión do son nese instrumento como rito sacro que dialoga coas forzas da natureza. Dito doutro xeito, Sciarrino non *soña* o mundo, como diría Nono, senón que o vive e fala con el. Tamén é certo, pola contra, que Sciarrino coincide dabondo coa concepción do tempo en Nono, da que falaremos agora.

Nun claustro da xudería de Toledo atopou Nono unha inscrición que cadraba co seu pensamento coma se aquel xudeo falase con el traspasando o tempo. *No hay caminos, hay que caminar*. Destas palabras ten quitado Nono varios títulos que, sen ser exactamente un ciclo, teñen unha unidade de concepción, máis espiritual que musical, porque esta música xa non é exactamente música; é outra cousa. A musicoloxía non sabe qué facer con estas obras. O concepto de perfección, tal como o coñecemos, esnaquízase nas mans de Nono. O tempo, de sempre, ten sido coma unha liña máis ou menos ondulada, e a forma, en música, ten sido a concepción da lóxica nesa liña, das ondas da liña e da liña mesma. En Nono xa non pode haber unha liña do tempo, senón un espazo baleiro, un baleiro de silencio quebrado e multidimensional. Fios de son viaxan por el sen manchalo, fios de son puro, sen estrutura. Cada son ten a súa vida propia, crúzase con outros nas viaxes, espéllanse uns noutros,

e neses reflexos está latexando o corazón dun home, o seu alento vivo síntese no baldío do tempo.

Juan Carlos Martínez Fontana

Luigi Nono (1924-1990)



Cine

Non volveredes a velas

Nestes últimos anos, pode que o cine sexa o máis perxudicado polos avatares económicos e macropolíticos. Cando había un bloque socialista no mundo, non sabíamos moi ben qué diaños pasaba realmente no outro lado do planeta, e cando viamos cine de alí eran cousas coma Eisenstein ou Tarkovsky. Era inevitable pensar que no bloque soviético había unha especie de paraíso cultural, e isto era un gran contrapeso fronte a Hollywood, co agravante de que máis da metade dos grandes directores europeos eran de ideoloxía marxista. Pero dende que a Unión Soviética perdeu a Guerra Fría, os ianquis non atopan resistencia a súa prepotencia cultural, e isto, no campo do cine, vén sendo devastador. Un universitario medio de hoxe non oíu na súa vida nomes coma Tarkovsky ou Paradjanov.

Neste mundo traidor ten que haber de todo, mesmo defensores do cine ianqui, que tampouco é calquera parvada, inda que a súa infraestrutura, conservadora e pragmática, pensada para xuntar cartos, non consinta grandes niveis no pensamento das cousas. Paréceme bárbaro que haxa a quen lle presten as pelis de indios e o que sexa, pero non me parece axeitado que teñan un poder tan descomunal en todas partes, as televisións, as distribuidoras, a prensa, etc. O cine comercial vai estupendo para cando chegas canso a casa, ou queres olvidarte de todo nun cine, pero non é xusto que non nos deixen ver outra cousa. Iso é autoritarismo cultural, e deberíamos enfadarnos moito.

Isto por diante, penso que non fai falta dicir o ben que me parecen estas iniciativas, e lamento non ter máis espazo para falar de cada cousa. Só engadir que se alguén ten preguiza cando poñan estas películas, que faga un esforzo, porque poden pasar moitos anos ata que volva a ter ocasión de atopalas de novo. Tamén, que non vai a ver o de sempre, e que as cousas feitas de corazón, coma estas, precisan ser vistas cos ollos ben abertos e sen pensar: querer *entender* é o xeito máis eficaz para non enterarse de nada.

Días 10-11 de Abril 22:00 h.

Sala Galán. Cine ruso, dous directores. **Andrei Tarkovski**, *O espello*. **Sergei Paradjanov**, *A cor da granada*. Presentación, proxección en vídeo e coloquio-debate sobre as películas e os directores. Presentación / Coordinación: Babken Abramian e Karina Airapetian.

Ciclo Europa, sempre Europa. Universidade de Santiago.

Día 22 de Abril

El Verdugo (**L. García Berlanga**, 1963) V.O. español

Día 23 de Abril

Sommarnattens Leende (*Sorrisos dunha noite de verán*. **I. Bergman**, 1955) V.O. St. español.

Día 24 de Abril

Rocco e i suoi fratelli (*Rocco e os seus irmáns*. **L. Visconti**, 1960) V.O. St. español


Día 25 de Abril

Der Amerikanische Freund (*O amigo americano*. **W. Wenders**, 1976) V.O. St. español

Día 26 de Abril

Mon oncle (*O meu tío*. **J. Tati**, 1958) V.O. St. español

En sesións de 18:00 h. e 22:30 h Sala 1 Cines Valle-Inclán



Serguei Paradjanov nunha foto de Zaven Sarkissian

Teatro



Foto María Esteirán

Esta foto pertence á obra de Matarile Teatro **Zeppelin nº 7**. Verémola en Compostela na Sala Galán os días 25, 26 e 27 de Abril. Pasará tamén por Madrid, Viana do Castelo (Portugal) e Utrech (Holanda). Con fragmentos da novela *Os ollos azuis pelo negro*, de **Marguerite Duras**. O desexo de voar coma constante no home de acadar algo que non se coñece, de elevarse, de soñar. O desexo de voar, tan forte que vai "máis alá das propias forzas, máis alá da vida". Coproducen I.G.A.E.M.-Sala Galán. Dirección, **Ana Vallés**.

Teatro de operacións. Día 18 ás 22:00 h. A Sala Galán celebrará o seu 3º aniversario cunha edición especial do teatro de operacións. Este ano o encontro entre creadores e público, estará adicado á muller. Teatro de operacións xurde coma iniciativa da Sala Galán para empregar o seu espazo coma ferramenta para colaboracións entre artistas plásticos, escenógrafos, músicos, actores, videocreadores, escritores etc. Arte efímero, suceso, acontecemento carente de valor comercial.



Tras de Salomé, 3
Aberto desde as tres da tarde

Cómame o Demo

Pascualina Virulillas



Era unha casa no medio do monte. Pascualina era unha pequena delgadiña que parecía que podía levala o vento. Coma non tiña con quen, sempre xogaba soa, cunhas tixeiriñas de costura, uns papeis e catro farrapos, e tiña moito costume de asubiar. A casa non era grande, pero Pascualina tiña un cuarto para ela, porque non tiña irmáns. Era o cuarto vello, e metía un pouco de medo, porque nas paredes de pedra e no teito había bichos e ratos, e moitas tablas do chan estaban soltas ou podres, pero ela non tiña medo. Tiña un transistor. Un día, cando caía o Sol, atopou na radio por casualidade unha musiquiña que non soaba coma as outras, tan duras e feas, senón que era docísima e non tiña pedras nin cousas duras. Pascualina podía deixarse voar naquel perfume sonoro, e naquel intre, coma se a tarde se houbera perfumado daquela música, pola ventaniña do cuarto vello entrou unha luz vermella espesa e fina. Dendaquela tarde, tódolos días facía o mesmo na posta do Sol.

Unha noite asubiaba algo como querendo soar aquela maxia. Súa mai deulle un cachete e díxolle: "Non asubies pola noite, que fas bailar á Virxe". Pascualina quedou sor-

prendida, e respondeu: «Mellor se baila, así estará máis leda» ó que seu pai respondeu cun ostión que case a tira de cu: «Cando a túa mai di unha cousa, ti calas». Pascualina marchou moi enfadada para o seu cuarto. A verdade é que a noite estaba a chamala pola fiestra, e pola fiestra saíu Pascualina ó monte. Era unha noite de lúa chea e non facía nada de frío, daban ganas de camiñar e asubiar forte. Camiñando e asubiando monte arriba sentiu de lonxe un oubeo. Era coma se tódalas cuitas e saudades do mundo xemeran naquel son longo, calmo, feito de dor pura. Aquel oubeo respondeu outro lonxán, e outro, e outro. Pascualina comezou a inquedarse e calou o asubío. Cando quixo pensalo duas veces viuse arredada por sete lobos oubantes. Abriuse o chan diante dela e do corazón da Terra foi asomando a máis espantosa testa que nunca se vira. Primeiro uns cornos de castrón máis grandes que un castrón enteiro, e a fronte grande coma o peito do seu pai. Entón xurdiron os ollos, máis bravos ca un trono quedo e tremante resoando nas montañas, e que miraban a Pascualina coma se foran facela estoupar. Amodiño foi véndose o xélido sorriso de orella a orella que amosaba os



brancos dentes do Demo. O mesmísimo Demo erguíase diante dela, máis alto cás árbores, e co carallo máis gordo que unha bombona de butano. Daquela, o carallo do Demo escomenzou a alongarse e ter uns ollos e un sorriso coma na cabeza, achegouse diante do nariz de Pascualina e díxolle: «¿Queres vir conmigo a facer bailala Virxe?» e Pascualina, que estaba afeita a tratar con toda clase de bichos noxentos dille: «¿Tí tes cóxegas?» e mentres o di tira do peto as tixeiriñas de costura, engancha o carallo polo pelexo e ponse a cortar e pinchar coma unha maquiníña. A pirola que lisca a encollerse e o Demo que se agacha e berra coma un terremoto: «¿¡Toleache!?».

-»¡Virxe do Carmo!»- di Pascualina, e por enriba dos oubidos dos lobos e dos berros do Demo síntese agora aquel

perfume sonoro sen pedras nin cousas duras que ben coñecía, e a noite vestiuse de luz vermella e todo o ceo era unha chea de máis gaiteros que cando Fraga, e daquelas harmonías xurdíu no alto a súa Virxe do Carmo abalando o cu amorosísimamente co son daquela dozura sen pedras nin cousas duras.

-»Asubia Demo, que quero ver cómo me fas bailar.» E descendeu a pousarse nos cornos do Demo. O Demo afundiuse na terra, os lobos perdéronse na negrura e Pascualina, moi contenta, volveu asubiando e botando brincos cara a casa. E cando máis parecía que o asubío asemellábase á música sen pedras nin cousas duras, máis recordaba ós oubidos dos lobos.

Xan B. Quintela

A miñoca eléctrica

As primeiras ostias, o alborexar da miñoca eléctrica

*paróse el Tiempo a ver, con vista airada,
la suma eternidad tan mal parada.
(Quevedo)*

Maricarmen era unha miñoca de cor laranxa escuro, avermellado, e tiña un noivo dende facía dez anos, un miñoco gordo e negro. Aquelo non petaba nin pa dios. Era como cando non te das levantado da cama, fóra vai un viruxe de carallo e fáiseche tardísimo, pero estás tan aparvado que non te podes mover. Así vivía a miñoca, e así andaba co seu noivo. Chegáballe a hora de moitas cousas, pero non se daba levantado. Non é que as miñocas sexan seres moi espabilados de seu, pero aquilo era moito, carallo, demasiado.

O noivo parecía Juliette Binoche, a de «Azul», sempre con misterios e parvadas, como dicindo: «*A miña vida é tan complexa, o meu pasado tan témero, todo foi tan abraiante, lostregante, apirolante que vosoutros, seres mortais e vulgares, non tedes nin puta idea*» e a pobre miñoca, que non tiña malicia, papabao sen protestar, e pensaba que era unha pobriña Maricarmen de aldea sen máis mundo que catro leiras polas que andaba tan pancha sen quentarse máis a cabeza.

Aquel miñoco pailán, en parte por darse importancia, andaba con trapi-cheos coa droga. Pola mesma razón tocaba a guitarra. E molaba quinindiola. Había un jicho de Muxía que lle pasaba custo. Daquela, a Guardia civil engan-chara un envío no mar, e o jicho de Muxía liscou da praia onde esperaba polas planeadoras cando viu que non daban chegado, pero non deu o envío por perdido, senón que lle pasou ó miñoco



O verdadeiro Santo Narciso posando xunto da súa representación en pedra no Campo da Angustia.



tódolos sucedáneos e merdas que lle petou. O miñoco vendeunos sen enterarse. Ó ratiño, estaba a pasear con Maricarmen e aparécenlle cinco ionquis a mallalo a ostias. Naquel follón, ostia que vai, ostia que ven, Maricarmen saíu despedida contra un cable da luz dos gordos. 30.000 voltios. A sacudida houbera matado un cabalo.

Calquera que teña pasado por algo parecido, calquer accidente, sabe como o tempo cambia de dimensión cando alguén voa sen control. Sínteste coma un cacho de carne crúa sen forza e traspasas a dimensión do tempo coma se te afundiras nel, coma que se dobra por dentro e viaxamos polos seus minuciosos currunchos. Así foi cando un ostión fixo voar a Maricarmen, e voaba, e voaba e parecía que non ía caer nunca, pero caeu nos cables, e sentía cada vibración da sacudida coma unha infinitude do tempo.

Santo Narciso andaba por alí. Santo Narciso é un santo barbón e bandulleiro que fuma ducados. Cando viu a Maricarmen naquel furioso baile, dixo tranquilísimamente: "*Iso que fas, ¿ten gracia?*" ó que respondeu a miñoca: "*¿Valeime, Santo Narciso, que non ten gracia ningunha?*". Maricarmen fritíndose, e Santo Narciso que saca un ducados: "*¿Tes lume, Maricarmen?*" e Maricarmen cos seus 30.000 voltios "*¡¡Mecajondiola que me frito!!*" - "*Non digas palabrotas, Maricarmen, que che quedan moi mal nunha señorita coma ti. ¿Non te das conta do que pasa? Eu sonche Santo Narciso, coma ti ben sabes. Se non estivera eu eiquí, estarías ben churruscadiña nun intre, bota unha ollada á liorta, e verás o engorde que se move todo, porque se estás comigo podes move-lo tempo como che pete, e facelo que che pete no tempo que che pete.*" E seguiu falando Santo Narciso. Na historia da mística, nunca se dera unha revelación tan fonda. Se alguén contase cada unha das areas do mar, non poderían ser tantas coma as cuosas que a miñoca entendeu nese intre, pero non foi polo que dixerá Santo Narciso, senón porque a puxo tan eléctrica coa súa parsimonia que converteuse na...**¡¡¡MIÑOCA ELÉTRICA!!!**, e liscou dos cables e deulle dúas ostias ó santo.

Aqueles macarras estábanlle dando unhas boas ó pailán do miñoco, e de súpeto viron unha luz coma un raio que viña escopetado dende os cables. O seguinte que viran foi que estaban todos patas enriba cos fuciños quentes. Entón Maricarmen díxolle ó miñoco: "*E ti, baboso..*"-

-"*¿Oíches, Maricarmen.?*" -interrumpiuna Santo Narciso co ducados na man - "*Daquela, ¿tes lume, ho?. Mira que temos moito que facer*"- e quedou moi sería, e marchou, marchou groriosa, a raíña do tempo, na busca de novos males que estoupar. Alá vai Maricarmen, a miñoca eléctrica.

Ana Ibañez

Tiruliru miña gaita

Escomenzo este ciclo de artigos encomendando o meu traballo á memoria de quen fora a miña inspiración, o meu mestre e maila luz que sinalou a miña saída das sombras da ignorancia. Estou falando, coma todos supoñedes, do profesor Nembargantes de Pontevedra. O seu material, recopilado por toda Galicia, e mais aínda noutras partes do mundo, percorre máis de corenta anos de traballo de campo. A peculiaridade

dos materiais e dos análises do profesor e a súa espiritualidade profundísima, centrada no complexo camiño da obscenidade coma vía de perfección. Non foi o primeiro nesta vía, pero ninguén diante del traballou nestes currunchos do saber popular. O meu traballo nestes artigos consistirá en, apenas, uns comentarios ós finos análises do mestre. Déixovos con el.

Non me fo-das no cami- ño. Non me fo-das no ca- mi- ño que non son u-nha ca- de- la
Pe- tas cos co-llós no chan pe-tas cos collós no chan petas cos collós no chan enchesma co-na de
te- rra. Aí la ra la la. Aí la ra la la. Escomencémola pandei- ra- da escomencemos a baile-xar

O carallo xa morreu (bis)
e están os collós de luto.
abre as pernas María (bis)(bis)
que hai que enterrar ó difunto.
Ai laralala ...(etc.)

Onde seguen os comentarios verso a verso
comenzando polo que di:

"Non me fodas no camiño"

Non me fodas pódese entender no dobre sentido de fastidiar e de copular. Coa información disponible neste verso (¿ terei que lembrar que cando oímos este primeiro verso aínda non coñecemos o seguinte?) non podemos saber a cal dos dous foderes se refire, coma identificando ámbolos dous nun só foder, o ben e o mal unidos nunha soa figura. Entón engade "no camiño". ¿Qué camiño é?. Evidentemente non é "un" camiño; é "o" camiño, tanto se fala do camiño da feira (xa o di o adagio popular: "A oscuras fanse as fuguras".) coma se fala de calquer outro camiño, sempre fala do camiño da perfección.

"que non son unha cadela"

Xa din as escrituras que quen se rebaixe será enxsal-

zado. É coma se dixera: "Eu fun unha cadela noxenta, pero ti fodichesme, e agora son enxalzada".

"petas cos collós no chán"

Sol e Lúa, masculino e feminino, alfa e omega, resúmense nos órganos xenitais do home. O pene, coa súa forma fálica, é o masculino, o Sol, a unidade divina das cousas, o centro do mundo. Os testículos, nembargantes, teñen a forma da lúa e son dous, e por tanto, a multiplicidade, a procreación, a feminidade. Os testículos golpexan no solo coma chamando á terra, a nosa nai; a feminidade do home chamando á feminidade do cosmos.

"énchesme a cona de terra."

A vaxina coma inmensidade que pode conter a terra enteira. A feminidade cósmica á que apelaban os testículos responde á chamada da feminidade masculina que petaba no chan colmando a vaxina de terra, cubrindo á feminidade feminina de feminidade cósmica.

"O carallo xa morreu"

Eiquí entra na escena a masculinidade, o Sol, a unidade á que converxen as cousas. ¿E como entra? Morrendo. A morte é sen dúbida o tránsito a outra dimensión.

" e están os collós de luto."

A feminidade masculina, os testículos, chora a morte do pene, unha morte simbólica que sen dúbida conleva o característico "rigor mortis", rigor que converte a un miserento pindirico nun pene erguido, forte, orgulloso.

"Abre as pernas, María,"

Para o tránsito a outra dimensión do pene, fai falta unha porta, que, coma todo o mundo sabe, é a vaxina, a feminidade feminina, entre as pernas dunha muller que se chama María, nome mitolóxico que implica unha pureza perfecta.

"que hai que enterrar ó defunto."

O enterro coma penetración sexual da terra, o orgasmo coma porta a outra dimensión. Eu coído que non fai falta dicir máis. Só quero apuntar un precedente místico. Está no "Edicto de los alumbrados de Toledo", con data nesta cidade a 23 de Setembro de 1525 polos inquisidores, coa intención de codificalas creencias desta secta. A proposición 44º di: "Que las tentaciones y malos pensamientos no se abian de desechar sino abraçarlos e tomarlos (...) que dios los quitaria y cuando quisiese." Aínda máis saborosa, a 25º, di: "Que los cassados estando en el acto del matrimonio estaban mas unidos a dios que si estuviesen en oración".

Ata eiquí o escrito do mestre. Eu quero engadir unha curiosa versión atopada na provincia de Cuenca, á que lle falta, sen dúbida, a sutileza da lingua galega.

No me jodas en el sue- lo como si fuerau-na pe-rra que con e-sos cojo- na- zos m'e-chas
en el co-ño tie- rra alajotajo-ta quebailanlos pe-rrros levantanla pa-ta selesvenlos güevos



Estes son os míticos collós que petaban no chan enchendo a cona de terra, segundo unha representación popular na carballeira de Santa Susana.

Amorinos collera

Don Francisco perdido no monte

...y déjame muriendo
un no sé qué que quedan balbuciendo...
(Juan de la Cruz)

